



Axudas para o control selectivo de combustible en montes veciñais en man común e Sofor.

No **Diario Oficial de Galicia núm. 239 do 19 de decembro de 2017**, sae publicada a Orde do 11 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de **subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes, en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor)**, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018 desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018.

Prazo de presentación: 20/12/2017 - 19/01/2018.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións que os titulares de montes veciñais en man común, as súas agrupacións e as sociedades de fomento forestal (en diante, Sofor) poderán percibir para a posta en marcha de actuacións preventivas recollidas na lexislación galega sobre incendios forestais e a súa convocatoria para o ano 2018 en réxime de concorrencia competitiva.

Esta incentivación na colaboración dos titulares de montes veciñais en man común e as Sofor na realización de traballos de silvicultura preventiva contribuirá a minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción destes montes, de grande importancia na nosa comunidade e, en conxunto, sobre a fauna, a flora e a paisaxe de Galicia.

As actuacións que poderán ser obxecto de subvencións son as seguintes:

- a) Liña I. Control selectivo de combustible.**
- b) Liña II. Construción de puntos de auga**

Adxuntamos resumo da convocatoria e enlace a web da Xunta de Galicia onde se pode iniciar a tramitación electrónica.

Enlace:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR651A&ano=2018&numpub=1&lang=gl>